

Bio* Cerámica

Narrativas da paisaxe e da súa cultura



BIO*CERÁMICA: Narrativas da paisaxe e da súa cultura

é un taller de experimentación, un convite a explorar a intersección entre a contorna rural, a perspectiva ambiental durable, o tecido social e a cultura local, co obxectivo de construír unha ponte entre pasado e futuro a través da creatividade e da innovación.

Os participantes mergullaranse na hibridación das técnicas cerámicas e dos biomateriais da contorna, para capitalizar os coñecementos e as técnicas locais de manipulación da arxila e das fibras vexetais (liño, vimbio, castañas) honrando a tradición e a historia da comunidade que habita a paisaxe local, e sempre mirando cara ao futuro.

Crearase un documento narrativo – un libro de artista para a galería Vilaseco – que resumirá os experimentos realizados no obradoiro e reflectirá a riqueza dos recursos dispoñibles na contorna e o aproveitamento que a poboación local soubo extraer deles, así como as novas posibilidades de uso que albiscamos. Xerarase tamén un arquivo físico que recompila a experimentación

biocerámica resultante do obradoiro e as técnicas tradicionais locais que sirva como un recurso inspirador para futuras xeracións de artesás e deseñadoras.

*BIO*CERÁMICA: Narrativas da paisaxe e da súa cultura* constitúe tamén unha oportunidade para aprender das técnicas culturais e recursos locais desde unha ollada aberta e experimental, capaz de explorar novas contemporaneidades materiais.

Propónse hibridar saberes e técnicas tradicionais vinculadas ao aproveitamento dos materiais da contorna con novas expresións contemporáneas creadas a partir da experimentación entre cerámica e biomateriais. Deste xeito, o obradoiro convida a crear unha ponte entre saberes tradicionais e deseño contemporáneo, así como un tecido de creadores que acurte a distancia entre artesáns locais e deseñadores contemporáneos.

O obradoiro pon a ollada no potencial da contorna rural como xerador de novas vías de desenvolvemento culturais, sociais, medioambientais e económicas futuras. É na contorna rural onde se xuntan materialidade, natureza e saberes tradicionais, onde se abren outras posibilidades de relación co medio social, cultural e produtivo, e novas oportunidades de deseños e futuros que posibiliten outras ecoloxías máis sensibles coa contorna.

Datas 17-20 setembro

Horario 10:00-14:00 e 15:30 a 19:30

Duración 32 horas

Prazas 20

Lugar Espacio Vilaseco - San Cristovo de Mouricios, 2 (Chantada, Lugo)

Prezo xeral 110€ (Inclúese almorzo)

Prezo para inscritos no rexistro de Artesanía de Galicia: 90€ (Inclúese almorzo)

Organización Artesanía de Galicia

@artesanía_de_galicia

Colabora Espacio Vilaseco @galeriavilasecolab


Inscripcións en artesianiadegalicia.xunta.gal



Raquel Buj (Madrid) @buj.studio

O seu traballo sitúase na intersección entre arte, moda e investigación material. Unha práctica dedicada á experimentación especulativa con materiais a partir dos cales deseñar vestimentas inspiradas na idea de envolvente e segunda pel que propoñen outras ecoloxías posibles.

Concibe o seu taller como un laboratorio no que se hibridan artesanía, fabricación dixital e biofabricación. Combina a súa práctica profesional coa súa actividade docente en diversas universidades nacionais e internacionais. O seu traballo foi recoñecido con premios como Samsung Ego Innovation Project 2017 e foi exposto en centros coma o Can U sustainable exhibition, Shanghai 2022. Colabora con artistas e performers como Instituto Stocos ou Janet Novás e recibe encargos coma o deseño da capa das Badaladas 2022. Destacan as súas coleccións Wall Dres 2017, Growing Landscapes 2018, NIDOS 2021, Ungüentos 2023. Foille concedida unha bolsa da Academia de España en Roma cun proxecto recentemente exposto en ARCO 24.



Carlos Jiménez Cenamor (Murcia) @DelAmorYlaBelleza.

Arquitecto pola Universidad Politécnica de Madrid, fundou o obradoiro DelAmorYlaBelleza na primavera de 2011, realizando proxectos multidisciplinares nos que a felicidade e o optimismo son variables de deseño fundamentais. O seu traballo foi exposto no Festival de Venecia, en LOVISUAL, en HAY FESTIVAL de Reino Unido, o Museo ICO, Matadero de Madrid, London Roca Gallery, galería space2B, Espacio Mínimo, Mad is Mad... etc. Vinculado á docencia universitaria desde 2005, traballou no University College London, na ETSAM de Madrid, e impartiu workshops en América Latina, Europa e Asia. Desde 2018 reside e traballa en Murcia, desenvolvendo un estudo pormenorizado do medio ambiente que o rodea mediante a súa produción cerámica e gráfica, sendo galardoado co Premio Produto Artesán 2023 nos Premios de Artesanía da Región de Murcia.

